



INSTRUCCIÓN PARA A VINDEIRA SEMANA

O ALUMNADO DE PRIMARIA DO CEIP FREI LUIS DE GRANADA SERÁ TRASLADADO ÁS NOVAS AULAS NO PRAZO DUNHA SEMANA

- ***O mércores estarán completamente habilitados os espazos da antiga Escola Fogar para que o profesorado poida organizar o material das clases***
- ***A vindeira semana o profesorado atenderá o alumnado no horario habitual, aínda que non haberá actividade lectiva ordinaria***

Lugo, 24 de xaneiro de 2020.- A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pechou hoxe a organización dos espazos da antiga Escola Fogar do CEIP Frei Luis de Granada (Sarria), aos que se trasladará o alumnado mentres se realizan as obras de reforzo dos voladizos do centro.

Segundo o plan establecido, durante o luns e o martes conectarase o sistema de calefacción do colexio ás novas aulas. Co obxectivo de manter a actual estrutura e horarios das clases, procederase tamén a dividir algúns dos espazos mediante tabiques de panel de madeira con illamento acústico.

A previsión é que o vindeiro mércores estean completamente habilitadas as novas aulas para que, finalmente, o profesorado organice o material destinado a impartir as clases. O luns 3 de febreiro a actividade lectiva será xa desenvolvida nos novos espazos.

Co obxectivo de axilizar ao máximo o acondicionamento e traslado, é imprescindible a colaboración do equipo docente. Deste xeito, ao longo da semana que vén as familias que o desexen poderán levar os seus fillos e fillas ao centro no horario habitual, onde estarán atendidos polo profesorado do centro, aínda que non haberá actividade lectiva ordinaria.

Cómpre sinalar que este proceso non altera a actividade lectiva do alumnado de Educación Infantil, situado na súa meirande parte nunhas instalacións totalmente independentes das que van acoller as obras de reforzo. Respecto das dúas unidades que si están no edificio no que se vai actuar, trasladaranse este mesmo luns 27 á zona que non presenta danos, polo que non será preciso interromper súa actividade lectiva ordinaria.

SAÚDOS E MOITAS GRAZAS,

A xefa territorial de Lugo

M^a del Carmen Gueimunde González